

Encrucillada

Guía para os autores e autoras

[versión 1.1]

Como autor/a dun artigo que se publicará na revista *Encrucillada* agradeceríamos a súa adhesión ás seguintes normas, cousa que facilitará moito o labor de edición.

1. **Extensión.** *Encrucillada* publica diversos tipos de artigos, cuxos tamaños están definidos. O límite máximo para os estudos é de 30.000 caracteres (espazos incluídos), para as achegas 15.000 caracteres (e. i.), para as recensións 5.000 caracteres (e. i.) e para a Rolda de Igrexa 30.000 caracteres (e. i.).

2. **Formato.** Non deberá formatar o artigo alén do uso pertinente de **negra**, *cursiva* e “comiñas” (Non inclúa encabezados nin pés de páxina, numeración de páxina, tabuladores, etc.). Utilice unha fronte *Times New Roman* de 12 puntos para o corpo de texto e de 10 puntos para os textos sangrados e as notas. Usamos a *cursiva* só para títulos de libros, revistas e outras obras e para palabras doutros idiomas. **Non** usamos a **negra**, o subliñado nin as MAIÚSCULAS para resaltar textos. No caso de copiar textos doutra fonte en formato dixital rogámoslle que os pegue no seu documento de traballo coa opción “Pegar sen formato”, a fin de non introducir novo formato no documento.

3. **Seccións.** Os artigos deberán estar divididos en seccións e estas poderán conter subseccións. Utilizamos a negra para os títulos das seccións e a cursiva para os das subseccións. Os distintos apartados irán numerados. Exemplo:

1. Lorem ipsum dolor sit amet

1.1. Duis aute irure dolor in reprehenderit in voluptate

Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit, sed do eiusmod tempor incididunt ut labore et dolore magna aliqua. Ut enim ad minim veniam, quis nostrud exercitation ullamco laboris nisi ut aliquip ex ea commodo consequat...

1.2. Excepteur sint occaecat cupidatat non proident

Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit, sed do eiusmod tempor incididunt ut labore et dolore magna aliqua...

2. Esse cillum dolore eu fugiat nulla pariatur

...

4. **Citas textuais e bibliográficas.** Os textos alleos citados que non superen tres frases irán dentro do corpo de texto entre comiñas. Cando superen as tres frases irán sangrados e con corpo de 10 puntos.

[Continúa na páxina seguinte]

Encrucillada usa citas a pé de páxina para as citas bibliográficas, que serán formatadas de acordo coa norma ISO 690. A seguir encontrará exemplos de citas de libros e artigos que lle servirán de modelo:

[Libro] TORRES QUEIRUGA, Andrés. *La constitución moderna de la razón religiosa*. Verbo divino, 1992.

[Artigo] TORRES QUEIRUGA, Andrés. Moral y religión: De la moral religiosa a la visión religiosa de la moral. *Selecciones de teología*, 2005, vol. 44, p. 83-92.

Se o libro ou artigo que se quere citar figura no buscador *Google Académico*, pode copiar directamente a cita premendo no enlace **"Citar"**.

Cando se cita un capítulo ou artigo dunha obra colectiva farase como no seguinte exemplo:

EPIFÂNIO, Renato. Repensando o Ateísmo: Entre Andrés Torres Queiruga e José Marinho. En *Sobre a saude: VI colóquio luso-galaico em homenagem a Andrés Torres Queiruga*. Zéfiro, 2018. p. 122-126.

As citas de documentos en formato dixital na internet citaranse tomando como modelo o seguinte exemplo:

LAU, J. Directrices internacionales para la alfabetización informativa [en liña]. México: Universidad Veracruzana [data de consulta 21 xaneiro 2009]. Disponível en:
<http://bivir.uacj.mx/dhi/DoctosNacioInter/Docs/Directrices.pdf>

O autor/a pode optar por incluír unha listaxe bibliográfica final. Neste caso utilizarase o mesmo formato que para as citas bibliográficas.